



I.E.S. SANTIAGO BASANTA SILVA

VILALBA

**PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA
E PROFESIONAL**

ÍNDICE

	PÁX.
1. Introducción.....	3
2. Obxectivos xerais.....	3
3. Obxectivos específicos.....	3
3.1. Alumnado.....	3
3.2. Familias.....	4
3.3. Profesorado-titor.....	4
4. Metodoloxía.....	4
5. Recursos.....	4
6. Actividades:.....	5
6.1. Alumnado.....	5
a) Autocoñecemento	
b) Coñecemento do sistema educativo	
c) Proceso de inserción socio-laboral	
d) Coñecemento do mercado laboral	
e) Aprender a tomar decisións.	
6. 2. Familias.....	7
6.3. Profesorado-titor.....	7
7. Avaliación do POAP.....	7

1. INTRODUCCIÓN .

O Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) considerase coma unha actividade orientadora que todo o alumnado precisa no proceso de ensino-aprendizaxe. O obxectivo último irá na liña da autoorientación, pero o proceso previo será o de facilitar a toma de decisións respecto ao seu itinerario académico e profesional.

Dentro do Plan de Orientación do Centro, o Departamento de Orientación desenvolve tres ámbitos: orientación académica e profesional, acción tutorial, atención á diversidade e apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Este programa será elaborado polo Departamento de Orientación partindo das propostas da CCP, das suxestións do equipo do profesorado, das titorías, das demandas do alumnado e das familias.

O POAP do Centro será incluído no Proxecto Educativo .

2. OBXECTIVOS XERAIS.

- a) Favorecer, facilitar, desenvolver a autoorientación do alumnado.
- b) Impulsar, mediar nos procesos de toma de decisións.
- c) Potenciar o desenvolvemento da madurez vocacional.
- d) Coordinar co equipo docente, especialmente as titorías, a acción tutorial naqueles aspectos necesarios para a formación do autoconcepto e autoestima, presentes no PAT, e aqueles outros relativos á madurez vocacional, presente no POAP.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Agruparemos os obxectivos tomando como criterio quen son os seus destinatarios.

3.1. ALUMNADO

- a) Dar a coñecer as funcións e actividades do D.O.
- b) Dar a coñecer as actividades que están programadas para o curso.
- c) Favorecer o coñecemento dos seus intereses e aptitudes.
- d) Favorecer o coñecemento dos distintos itinerarios educativos.
- e) Asesorar individualmente ou en grupo na toma de decisións.
- f) Facilitar información precisa sobre o mundo laboral.
- g) Formar nas diversas técnicas de busca de emprego.
- h) Asesorar en 3º de ESO das diferentes optativas e en 4º de ESO sobre as saídas profesionais ao rematar esta etapa.
- i) Asesorar ao alumnado dos Bacharelatos.

3.2.FAMILIAS

- a) Dar a coñecer as funcións e actividades do D.O.
- b) Facilitar o axuste entre as expectativas que teñen respecto dos fillos e os intereses destes.

- c) Colaborar co D.O. para facilitar o proceso de toma de decisións dos fillos.
- d) Informarlles sobre os itinerarios educativos e as opcións profesionais.
- e) Manter tantas entrevistas como se consideren necesarias.

3.3. PROFESORADO-TITOR

- a) Informar sobre as actividades do D.O.
- b) Informar sobre o POAP: que é, para que serve...
- c) Detectar as necesidades das titorías e profesorado e, se é posible, anticiparse a elas.
- d) Asesorar e coordinar ás titorías no desempeño da acción orientadora.
- e) Facilitar materiais e tanta información precisen para orientar ao alumnado.
- f) Coordinar cos membros do D.O aspectos concretos do POAP que así o requiran.

4. METODOLOXÍA

A persoa responsable do D.O actuará en todo momento como facilitadora e asesora da acción orientadora. Será o D.O o encargado de elaborar o POAP, coordinando e supervisando a súa posta en práctica conforme ás estratexias seguintes:

- a) Coordinación, temporalizada e ben estruturada das titorías.
- b) Establecemento dos criterios de actuación.
- c) Delimitación e distribución de responsabilidades.
- d) Elaboración, distribución e información de materiais e instrumentos.
- e) Asesoramento ao equipo docente.

Co alumnado actuará a dous niveis:

- a) Actuacións sobre o grupo en aspectos xerais do POAP.
- b) Actuacións individuais a partir das súas aptitudes, motivacións e expectativas.

As actividades serán levadas a cabo a través do PAT da ESO, na hora de titoría presencial, e en Bacharelatos de forma individual a través do Departamento de Orientación e titores.

5. RECURSOS

Os recursos para implementar o programa serán tanto humanos como materiais.

5.1. RECURSOS HUMANOS

O Departamento de Orientación traballará en estreita colaboración con:

- a) Equipo Directivo
- b) Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- c) Membros do D.O.
- d) Titorías e Equipo Docente.
- e) Membros doutras institucións públicas ou privadas.
- f) Consellaría de Educación

5.2. RECURSOS MATERIAIS.

Os materiais estarán formados por:

- a) Información impresa en distintos soportes sobre o sistema educativo.
- b) Información impresa sobre os itinerarios educativos.
- c) Información sobre o mundo laboral.
- d) Información sobre técnicas de busca de emprego.
- e) Materiais de avaliación: cuestionarios, test...
- f) Material exposto nos taboleiros das aulas e corredores.
- g) Expositores con toda a publicidade relacionada coas saídas profesionais.
- h) WEB sobre as diferentes carreiras universitarias.
- i) WEB sobre Ciclos Formativos.
- j) Páxinas de internet das diferentes universidades onde buscar información.
- k) Revistas informativas “entre estudantes” que se encontra na biblioteca.
- l) Trípticos elaborados polo departamento de orientación para cada alumno/a.

6. ACTIVIDADES

As actividades propostas están en relación e en consecuencia cos obxectivos específicos formulados, polo que estarán enfocadas a tres ámbitos de actuación: alumnado, familias e profesorado-titor. Serán levadas a cabo na ESO, Bacharelatos.

6.1. ALUMNADO

a) Autocoñecemento

Ⓢ Temporalización: xaneiro-febreiro

Ⓢ Actividades:

- Cuestionario de exploración inicial.
- Cuestionario autoaplicable e autoavaliabile (POPA).
- Elaboración de informes persoais: como me vexo, como me ven.
- Xogos grupais que favorezan o autocoñecemento: o meu autoretrato, adiviña quen, eu dentro de 15 anos, etc.
- Estudo dos propios intereses, gustos, valores, etc.
- A balanza: estudo dos puntos fortes da súa personalidade e dos débiles.
- Aplicación de inventarios de intereses profesionais.

b) Coñecemento do Sistema Educativo

Ⓢ Temporalización: marzo-abril.

Ⓢ Actividades:

- Estudo de folletos e publicacións
- Elaboración do organigrama do Sistema Educativo e diagramas das posibles saídas ao remate da etapa da ESO e Bacharelato.
- Estudo e elaboración dos itinerarios de 3º ESO, 4º ESO: optativas, troncais.
- Estudo das optativas de 2 e 3º ESO.
- Análises das diferentes alternativas, validacións, condicións de acceso.
- Charla-coloquio co alumnado sobre todas as saídas profesionais e académicas con título e sen título da ESO, así como elaboración de trípticos para o alumnado.
- Elaboración dun tríptico para o alumnado da ESO e Bacharelato sobre carreiras universitarias, páxinas web, notas de corte, residencias universitarias, itinerarios de 2º, 3º e 4ºEso .
- Analizar a información no taboleiro de anuncios e o recanto de orientación..
- Ver web de ciclos formativos e carreiras universitarias.
- Busca de información sobre diferentes carreiras universitarias segundo a demanda do alumnado de Bacharelato.
- Folleto informativo dos itinerarios de 2º de Bacharelato das ABAU
- Visita a *IES LOIS PEÑA NOVO* para facilitar a información académica profesional que precisen.
- Información individual e grupal das saídas profesionais ao rematar o Bacharelato.
- Información en 1 º de Bacharelato sobre os itinerarios e optativas de 2º de Bacharelato e facilitarlles a toma de decisións.
- Charlas informativas impartidas pola Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña.
- Xornadas de orientación no mes de abril.

c) Proceso de inserción socio-laboral

Ⓢ Temporalización: abril

Ⓢ Actividades:

- Recollida e estudo de ofertas de emprego aparecidas na prensa, taboleiros de anuncios.
- Achega e cumprimentación de distintas instancias de solicitude de emprego, contratos de traballo, etc.
- Confección de documentos de utilidade: instancias, cartas de presentación, currículo.
- Información de lugares a onde acudir para solicitar traballo.
- Identificación e realización de probas psicotécnicas.
- Simulación dunha entrevista de traballo, unha conversa telefónica, etc.
- Visualización de vídeos (entrevista, currículo)

d) Coñecemento do mercado laboral

Ⓢ Temporalización: maio

- ⊙ Actividades:
 - Estudo do mercado laboral e tendencias na localidade.
 - Recollida, análises e comentario das noticias de prensa.
 - Elaboración de directorios e ficheiros con datos de empresas, organismos e institucións.
 - Entrevistas a profesionais e empresarios.
 - Charla-coloquio con membros da Confederación de Empresarios.

e) Aprender a tomar decisións

- ⊙ Temporalización: maio-xuño.

- ⊙ Actividades:
 - Exercitación de modelos de resolución de problemas e toma de decisións.
 - Exercicios de resolución de situacións que impliquen toma de decisións.
 - Desde as titorías e o Departamento de Orientación formularán preguntas en orde secuencial: ensinar a definir o problema, ensinar a xerar alternativas, desenvolver estratexias busca de información, ensinar a decidirse, etc.
 - Asesoramento individualizado a alumnado e familias.
 - Facilitar toda a información de forma individual para axudar a tomar decisións a alumnado indeciso.

6.2. FAMILIAS

- a) Intercambio de información sobre aptitudes, intereses e motivacións de fillos/as.
- b) Charla informativa do D.O sobre o paso de 3º a 4ºESO, as diferentes saídas ao rematar a ESO, Bacharelatos.
- c) Elaboración polo D.O e entrega dun tríptico co organigrama do Sistema Educativo e as saídas.
- d) Entrevistas individuais coas familias en relación á información académica-profesional dos/as seus/súas fillos/as para facilitar a toma de decisións.

6.3. PROFESORADO-TITOR

- a) Asesorar e apoiar ás titorías nas sesións de orientación académica e profesional.
- b) Elaborar e achegar materiais e fichas para traballar os contidos do POAP na hora de titoría.
- c) Establecer un horario de reunións para un seguimento e avaliación trimestral e ao final de curso do POAP.

7. AVALIACIÓN DO POAP

A avaliación deste programa realizarase en dous momentos:

7.1. Avaliación continua

Levarase a cabo trimestralmente e consistirá en :

- a) Valoración das titorías, profesorado, orientación.
- b) Valoración do alumnado.
- c) Valoración das actividades realizadas e coordinación entre titorías e D.O

7.2. Avaliación final

Consistirá nun contraste do grao de consecución dos obxectivos propostos, coa fin de mantelos, modificalos ou eliminalos do programa.

A avaliación final fai referencia a:

- a) Tipo e cantidade de actividades desenvolvidas.
- b) Calidade dos procesos de interacción dos distintos participantes.
- c) Grao de aceptación do POAP por parte dos sectores aos que vai dirixido.

Os instrumentos de avaliación que empreguemos serán aqueles que fagan referencia aos obxectivos marcado e sigan estes parámetros:

- a) Adecuación de materiais empregados.
- b) Adecuación da temporalización.
- c) Adecuación das actividades formuladas.

POAP REVISADO CURSO 2019-20